



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

ANUNCIO: DÍA E HORA DE REALIZACIÓN DAS SESIÓNS ORDINARIAS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS E DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO MES DE MAIO.

En cumprimento do establecido no artigo 23 do Regulamento orgánico do Concello de Padrón, publicado no Boletín Oficial da Provincia número 137 do 16 de xuño de 2000, e dos acordos plenarios adoptados nas sesións realizadas os días 2 e 30 de xullo do 2015, faise público o seguinte Decreto do Alcalde número 345/2017, do 18 de maio do 2017, polo que se modifica o día de realización das sesións ordinarias das Comisións Informativas e o día e hora da sesión ordinaria do Pleno da Corporación Municipal, todas elas correspondentes a este mes de maio:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. O Pleno da Corporación Municipal, na sesión realizada o 30 de xullo do 2015, acordou realizar as sesións ordinarias das comisións informativas "*o terceiro día anterior ao de realización da sesión ordinaria do Pleno da Corporación Municipal*". E na sesión do 2 de xullo do 2015 acordou realizar as sesións ordinarias do Pleno "*cada dous meses o último xoves do mes que lle corresponda ás vinte horas*".

Segundo. Tendo en conta o anterior a celebración das sesións ordinarias das comisións informativas deberían ter lugar o día 22 de maio de 2017 e ese mesmo día convocar, como máximo, a sesión ordinaria do Pleno. Non obstante, de acordo ao establecido no artigo 42.1 do Convenio colectivo-Acordo regulador do persoal ao servizo do Concello de Padrón, o día 22 (festividade de Santa Rita) é día non laborable.

Terceiro. Entendendo que é necesario cambiar o día de realización das sesións, consultouse cos diversos grupos políticos municipais as datas e horas alternativas.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. O artigo 23 do Regulamento orgánico do Concello publicado no Boletín Oficial da Provincia número 137 do 16 de xuño de 2000, recolle que "*o alcalde, por propia iniciativa ou a petición dos voceiros, por causa xustificada, poderá varia-lo día ou a hora dalgunha sesión, alonxándoo só o imprescindible dos fixados polo Pleno e comunicándollo ós interesados e publicándoo no taboleiro de anuncios coa maior brevidade posible*".

Segundo. En aplicación do devandito artigo 23, o acordo plenario do 2 de xullo do 2015 recolle no seu apartado segundo que se faculta "*... ao señor Alcalde para pospoñer ou adiantar a realización das sesións ordinarias do Pleno dentro do mesmo mes no que corresponde realizala, cando o día fixado sexa festivo ou inhábil ou se atope incluído nun período vacacional, comunicándoo aos interesados e publicándoo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello*"; e o acordo plenario do 22 de xullo de 2015 recolle no seu apartado terceiro que "*para os supostos nos que os días sinalados coincidan en día inhábil ou en sábado, faculta ao señor Alcalde-Presidente para alterar o día de realización da sesión ordinaria na data máis próxima posible á inicial*".

RESOLVO:

Primeiro. Realizar as sesións ordinarias das Comisións informativas correspondentes a este mes de maio o día 23 de maio de 2017 e realizar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación Municipal correspondente a este mesmo mes o vindeiro día 26 de maio de 2017 ás 10:00 horas, dado que o día previsto de celebración das primeiras e de convocatoria da segunda é non laborable segundo o artigo 42.1 do Convenio colectivo-Acordo regulador do persoal ao servizo do Concello de Padrón.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas e todos os membros da Corporación Municipal.

Terceiro. Facer público o presente acordo mediante a inserción do correspondente anuncio no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web e na sede electrónica e dar traslado do mesmo aos diferentes servizos municipais.

Cuarto. Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.>>

Padrón, 18 de maio do 2017

O Alcalde

Asdo. Antonio Fernández Angueira

